


2.2.- Estructura do sector pesqueiro



A descripción da estructura do sector pesqueiro en Galicia divídese en dous apartados: no primeiro deles analízase a flota pesqueira galega, e, para rematar, estúdiase a estructura organizativa do sector.

A flota pesqueira galega

O obxectivo deste capítulo é obter, sobre a base do número e características da flota pesqueira en Galicia distribuída xeograficamente, un soporte suficiente que permita concluí-la máxima importancia económica e social do sector pesqueiro para determinadas áreas xeográficas galegas.

A fonte estatística utilizada é o resultado de intersecta-lo Rexistro Galego de Buques co Censo de Buques do caladoiro nacional; desta

intersección obtense unha aproximación estatística ó número de buques galegos actualmente operativos. Esta fonte permite, así mesmo, obte-lo número de buques distribuídos por tipo de flota, en función da súa tonelaxe, por zonas ecoxeográficas, por porto base e por provincia, estando os datos referidos ó ano 2000.

Neste senso, o **cadro 2.1.** mostra a distribución da flota galega operativa por **provincia**. No ano 2000 existían en Galicia 7.754 buques operativos, dos que 5.216 (o 67,2% do total) pertencían á flota artesanal menor, menos de 2,5 toneladas, o 18,9%, 1.471, eran buques da flota artesanal maior, de 2,5 a 12 toneladas; existían 708 buques na flota de litoral onde se enmarcan os buques de 12 a 150 toneladas; 275 buques arrastreiros cun tonelaxe entre 150 a 500 e, finalmente, 84 grandes conxeladores, atuneiros e arrastreiros.

2.1.

Distribución de embarcacións por provincia 2000

	Nº de buques	Trb	Tripulación máxima	Caract. Embarcación media /DS		
				Arqueo	Eslora	Potencia
A Coruña	3.875	55.201,13	10.342	(14,25 - 77,87)	(7,12 - 6,88)	(60,74 - 232,87)
Flota artesanal menor (<2,5)	2.690	3.100,49	3.725	(1,15 - 0,43)	(4,18 - 1,59)	(7,51 - 9,55)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	738	4.357,16	2.227	(5,90 - 2,53)	(8,78 - 2,83)	(44,37 - 33,79)
Flota litoral (12 a 150)	374	19.672,77	3.222	(52,60 - 42,60)	(19,03 - 6,19)	(259,34 - 200,63)
Buques arrastreiros (150 a 500)	58	12.689,38	785	(218,78 - 58,22)	(32,61 - 4,73)	(745,59 - 287,80)
Grandes conxeladores (Atuneiros e arrastreiros)	15	15.381,33	383	(1.025,42 - 502,75)	(55,91 - 15,92)	(2.813,00 - 1.311,97)
Lugo	282	21.219,54	2.409	(75,25 - 82,84)	(18,63 - 10,30)	(280,10 - 275,29)
Flota artesanal menor (<2,5)	33	57,22	74	(1,73 - 0,53)	(5,73 - 1,23)	(15,15 - 10,51)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	92	542,34	271	(5,90 - 2,00)	(9,92 - 1,74)	(51,07 - 29,82)
Flota litoral (12 a 150)	90	7.403,18	960	(82,26 - 52,28)	(22,76 - 6,70)	(331,38 - 176,55)
Buques arrastreiros (150 a 500)	67	13.216,80	1.104	(197,27 - 31,49)	(31,38 - 3,13)	(656,19 - 155,72)
Grandes conxeladores (Atuneiros e arrastreiros)	-	-	-	-	-	-
Pontevedra	3.597	127.529,94	12.151	(35,45 - 158,10)	(11,18 - 8,68)	(110,11 - 346,46)
Flota artesanal menor (<2,5)	2.493	3.053,65	3.195	(1,22 - 0,42)	(4,38 - 1,11)	(9,02 - 12,28)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	641	3.767,06	2.002	(5,88 - 2,66)	(8,75 - 2,36)	(63,52 - 44,53)
Flota litoral (12 a 150)	244	15.625,61	2.368	(64,04 - 49,27)	(19,95 - 7,95)	(304,39 - 232,85)
Buques arrastreiros (150 a 500)	150	37.544,87	2.417	(250,30 - 100,03)	(35,35 - 8,16)	(777,31 - 368,02)
Grandes conxeladores (Atuneiros e arrastreiros)	69	67.538,75	2.169	(978,82 - 478,59)	(65,51 - 12,78)	(2.057,55 - 681,26)
Galicia	7.754	203.951	24.902	(26,30 - 122,77)	(8,26 - 9,50)	(91,62 - 295,75)
España (1)	15.856					
% Galicia/ España	48,90					

(1) Fonte: Censo de buques operativos do caladoiro nacional.

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Rexistrio de Buques de Galicia/ Censo de buques operativos do caladoiro nacional

Os 7.754 buques operativos en Galicia representan o 48,9% do total de buques operativos no conxunto do caladoiro nacional.

A distribución provincial mostra como o 49,9% da flota galega no ano 2000 pertence á provincia de A Coruña, o 46,3% á provincia de Pontevedra e o 3,8% restante á provincia de Lugo. No que respecta ás TRB, o 62,5% do total de Galicia pertence ós buques da provincia de Pontevedra, fronte o 27% dos buques da provincia de A Coruña. Esto é causado polo maior número de buques de maior tonelaxe rexistrados na provincia de Pontevedra, buques arrastreiros e grandes conxeladores, de máis de 150 toneladas.

Finalmente destaca-la importancia do número de buques arrastreiros entre 150 e 500 toneladas rexistrados na provincia de Lugo, 67 buques que supoñen o 23,7% da flota operativa nesa provincia, e o 24,3% do total de buques arrastreiros en Galicia.

No que respecta ás características medias das embarcacións operativas en cada provincia, destaca, en dous dos tres parámetros comparados, a provincia de Pontevedra, onde o arqueo medio dos buques oscila entre 35,45 e 158,10

toneladas, a eslora media está entre 8,68 e 11,18 metros e a potencia media varía entre 110,11 e 346,46 C.V, o arqueo e a potencia máxima dos buques rexistrados na provincia de Pontevedra son as maiores do conxunto da flota de Galicia, mentres que no que respecta á eslora destaca a provincia de Lugo cunha eslora máxima de 18,63 metros, consecuencia da xa sinalada importancia do número de buques arrastreiros nesta provincia, e da proporcionalmente menor importancia da flota artesanal menor.

En función das características de cada buque (arqueo, eslora...), existe un número de tripulantes máximos permitidos. Esto permite facer unha aproximación á tripulación máxima que faena nos buques das tres provincias galegas. A provincia de Pontevedra é a que presenta o número maior de tripulación máxima da flota, con 12.151 tripulantes, dos que o 26,2% pertencen á flota artesanal menor, estando os 8.956 tripulantes máximos restantes distribuídos de xeito moi homoxéneo entre o resto da flota, entre o 17% e o 20% dos mesmos en cada tipo de flota.

A flota rexistrada na provincia de A Coruña, presenta unha tripulación máxima estimada de 10.342 tripulantes, dos que o 36% faenan na flota

2.2.

Distribución de embarcacións segundo zonas ecoxeográficas 2000

	Nº de buques	Trb	Caract. embarcación media /D típica		
			Arqueo	Eslora	Potencia
Costa Lucense	301	21.292,30	(70,74 - 82,05)	(17,92 - 10,35)	(264,21 - 273,51)
Flota artesanal menor (<2,5)	44	77,23	(1,76 - 0,56)	(5,82 - 1,26)	(15,70 - 10,16)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	99	576,36	(5,82 - 2,02)	(9,82 - 1,75)	(49,45 - 29,36)
Flota litoral (12 a 150)	91	7.421,91	(81,56 - 52,41)	(22,66 - 6,72)	(329,38 - 176,59)
Buques arrastreiros (150 a 500)	67	13.216,80	(197,27 - 31,49)	(31,38 - 3,13)	(656,19 - 155,72)
Coruña Norte	196	3.369,56	(17,19 - 29,96)	(10,65 - 6,31)	(93,71 - 131,20)
Flota artesanal menor (<2,5)	66	91,34	(1,38 - 0,56)	(5,07 - 1,04)	(10,83 - 10,95)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	73	408,70	(5,60 - 2,36)	(9,32 - 2,09)	(44,56 - 28,40)
Flota litoral (12 a 150)	56	2.685,74	(47,96 - 34,95)	(18,60 - 4,77)	(243,75 - 132,71)
Buques arrastreiros (150 a 500)	1	183,78	(183,78 - 0,00)	(31,12 - 0,00)	(750,00 - 0,00)
Ría de Ferrol	110	281,61	(2,56 - 2,50)	(5,67 - 2,89)	(19,48 - 24,81)
Flota artesanal menor (<2,5)	77	95,51	(1,24 - 0,54)	(4,27 - 1,63)	(9,78 - 13,95)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	33	186,10	(5,64 - 2,57)	(8,94 - 2,53)	(42,12 - 29,43)
Arco Ártabro	339	18.027,93	(53,18 - 156,25)	(11,83 - 13,00)	(199,49 - 474,58)
Flota artesanal menor (<2,5)	165	169,02	(1,02 - 0,51)	(4,07 - 1,53)	(6,09 - 10,11)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	82	503,69	(6,14 - 2,21)	(9,13 - 2,12)	(49,63 - 31,79)
Flota litoral (12 a 150)	49	1.759,79	(35,91 - 32,00)	(18,36 - 10,10)	(260,98 - 408,74)
Buques arrastreiros (150 a 500)	34	8.129,54	(239,10 - 60,18)	(34,15 - 4,96)	(874,41 - 282,57)
Grandes conxeladores (Atuneiros e arrastreiros)	9	7.465,89	(829,54 - 308,82)	(58,89 - 11,61)	(2.226,11 - 722,70)
Costa Noroeste	739	11.182,09	(15,13 - 99,31)	(7,63 - 6,76)	(71,26 - 289,83)
Flota artesanal menor (<2,5)	427	503,91	(1,18 - 0,43)	(4,02 - 2,01)	(11,50 - 12,27)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	207	1.372,80	(6,63 - 2,64)	(9,27 - 2,88)	(52,57 - 35,41)
Flota litoral (12 a 150)	97	3.183,01	(32,81 - 24,55)	(16,68 - 3,31)	(196,34 - 101,16)
Buques arrastreiros (150 a 500)	3	512,65	(170,88 - 11,05)	(28,55 - 1,90)	(555,00 - 52,122)
Grandes conxeladores (Atuneiros e arrastreiros)	5	5.609,72	(1.121,94 - 424,73)	(59,86 - 7,19)	(3.232,00 - 1.181,84)
Ría de Muros-Noia	929	4.408,22	(4,75 - 16,12)	(5,73 - 3,99)	(21,86 - 62,81)
Flota artesanal menor (<2,5)	737	905,25	(1,23 - 0,39)	(4,49 - 1,41)	(4,85 - 5,46)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	150	821,10	(5,47 - 2,46)	(7,94 - 3,45)	(34,37 - 30,32)
Flota litoral (12 a 150)	41	2.528,40	(61,67 - 43,15)	(19,24 - 6,41)	(271,85 - 114,57)
Buques arrastreiros (150 a 500)	1	153,47	(153,47 - 0,00)	(28,20 - 0,00)	(432,00 - 0,00)
Ría de Arousa	3.010	22.148,42	(7,36 - 48,16)	(5,89 - 4,83)	(36,84 - 140,69)
Flota artesanal menor (<2,5)	2.379	2.730,74	(1,15 - 0,40)	(4,13 - 1,43)	(8,60 - 11,62)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	424	2.572,59	(6,07 - 2,68)	(8,88 - 2,55)	(54,97 - 44,46)
Flota litoral (12 a 150)	187	10.829,43	(57,91 - 47,43)	(19,01 - 6,27)	(269,90 - 159,75)
Buques arrastreiros (150 a 500)	19	3.709,94	(195,26 - 43,61)	(30,80 - 3,54)	(561,42 - 187,11)
Grandes conxeladores (Atuneiros e arrastreiros)	1	2.305,72	(2.305,72 - 0,00)	(9,30 - 0,00)	(6,00 - 0,00)
Ría de Pontevedra	678	18.885,45	(27,85 - 101,95)	(8,63 - 9,70)	(94,62 - 254,14)
Flota artesanal menor (<2,5)	422	513,13	(1,22 - 0,45)	(4,41 - 0,89)	(9,35 - 11,82)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	171	941,78	(5,51 - 2,56)	(8,46 - 2,36)	(63,74 - 44,53)
Flota litoral (12 a 150)	47	4.070,16	(86,60 - 54,57)	(21,53 - 6,65)	(300,17 - 117,26)
Buques arrastreiros (150 a 500)	30	7.196,75	(239,89 - 90,81)	(34,60 - 8,09)	(722,80 - 385,07)
Grandes conxeladores (Atuneiros e arrastreiros)	8	6.163,63	(770,45 - 209,69)	(62,01 - 3,54)	(1.689,25 - 335,13)
Ría de Vigo	1.452	104.355,03	(71,87 - 233,70)	(11,96 - 15,33)	(202,97 - 498,94)
Flota artesanal menor (<2,5)	899	1.125,23	(1,25 - 0,45)	(4,49 - 0,80)	(7,93 - 10,61)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	232	1.283,44	(5,53 - 2,51)	(8,55 - 2,21)	(61,65 - 40,98)
Flota litoral (12 a 150)	140	10.223,12	(73,02 - 47,34)	(21,84 - 8,26)	(356,46 - 278,00)
Buques arrastreiros (150 a 500)	120	30.348,12	(252,90 - 102,04)	(35,54 - 8,17)	(790,94 - 362,35)
Grandes conxeladores (Atuneiros e arrastreiros)	61	61.375,12	(1.006,15 - 496,87)	(65,97 - 13,47)	(2.105,85 - 700,10)
Total	7.754	203.950,61	(26,30 - 122,77)	(8,26 - 9,50)	(91,62 - 295,75)
Flota artesanal menor (<2,5)	5.216	6.211,36	(1,19 - 0,43)	(4,28 - 1,39)	(8,28 - 10,99)
Flota artesanal maior (de 2,5 a 12)	1.471	8.666,56	(5,89 - 2,56)	(8,84 - 2,59)	(53,13 - 39,73)
Flota litoral (12 a 150)	708	42.701,56	(60,31 - 47,33)	(19,82 - 7,01)	(284,02 - 211,33)
Buques arrastreiros (150 a 500)	275	63.451,05	(230,73 - 83,22)	(33,80 - 6,81)	(741,11 - 315,80)
Grandes conxeladores (Atuneiros e arrastreiros)	84	82.920,08	(987,14 - 483,32)	(63,79 - 13,89)	(2.192,45 - 878,82)

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Rexistrio de Buques de Galicia/Censo de buques operativos do caladoiro nacional

artesanal menor, o 31,1% na flota de litoral, o 21,5% na flota artesanal menor e o 7,5%, e o 3,7% restantes nos buques arrastreiros e grandes conxeladores respectivamente.

Ó contrario do que acontece nas provincias de Pontevedra e A Coruña, na provincia de Lugo o 85,6% da tripulación máxima estimada para a flota rexistrada nesa provincia, faena en buques arrastreiros (45,8%) e na flota de litoral (39,8%), estando só o 3% dos 2.409 tripulantes máximos

da flota provincial enrolados na flota artesanal menor.

Outra das posibles clasificacións dos buques operativos en Galicia no ano 2000, é a que os distribúe en función de **zonas ecoxeográficas**, **cadro 2.2**. A costa galega divídese en nove zonas ecoxeográficas: a costa lucense, A Coruña norte, a ría de Ferrol, o Arco Ártabro, a costa noroeste, a ría de Muros-Noia, a ría de Arousa, a ría de Pontevedra e a ría de Vigo.

2.3.

Distribución de embarcaciones por puerto base 2000

	Flota artesanal menor (<2,5)		Flota artesanal mayor (2,5 a 12)		Flota Litoral (12 a 150)		Buques arrastreiros (150 a 500)		Grandes conxeladores (atuneiros e arrastr. >500)		Total	
	Nº buques	Trb	Nº buques	Trb	Nº buques	Trb	Nº buques	Trb	Nº buques	Trb	Nº buques	Trb
Costa Lucense	44	77,23	99	576,36	91	7.421,91	67	13.216,80	-	-	301	21.292,30
Porto de Ribadeo	6	9,84	5	30,27	3	86,71	-	-	-	-	14	126,82
Porto de Rino	1	0,78	-	-	-	-	-	-	-	-	1	0,78
Porto de Foz	-	-	5	41,97	7	388,75	-	-	-	-	12	430,72
Porto de Burela	11	18,65	42	229,54	50	4.444,65	33	6.485,00	-	-	136	11.177,84
Porto de San Cibrao	4	8,34	9	54,82	-	-	-	-	-	-	13	63,16
Porto de Celeiro	7	12,60	26	160,64	30	2.483,07	34	6.731,80	-	-	97	9.388,11
Porto de Vicedo	4	7,01	5	25,10	-	-	-	-	-	-	9	32,11
Porto do Barqueiro	10	19,19	7	34,02	1	18,73	-	-	-	-	18	71,94
Porto de Bares	1	0,82	-	-	-	-	-	-	-	-	1	0,82
Coruña Norte	66	91,34	73	408,70	56	2.685,74	1	183,78	-	-	196	3.369,56
Porto de Espasante	18	20,76	5	14,52	1	129,48	-	-	-	-	24	164,76
Porto de Cariño	20	34,03	29	133,78	23	1.601,52	1	183,78	-	-	73	1.953,11
Porto de Cedeira	28	36,55	39	260,40	32	954,74	-	-	-	-	99	1.251,69
Ría de Ferrol	77	95,51	33	186,10	-	-	-	-	-	-	110	281,81
Porto de Ferrol	49	64,17	21	106,97	-	-	-	-	-	-	70	171,14
Porto de Barallobre	17	18,60	4	20,61	-	-	-	-	-	-	21	39,21
Porto de Mugardos	11	12,74	8	58,52	-	-	-	-	-	-	19	71,26
Arco Ártabro	165	169,02	82	503,69	49	1.759,79	34	8.129,54	9	7.465,89	339	18.027,93
Porto de Ares	5	9,96	13	66,24	7	183,18	-	-	-	-	25	259,38
Porto de Pontedeume	3	3,91	5	28,46	5	127,91	-	-	-	-	13	160,28
Porto de Miño	27	25,26	-	-	-	-	-	-	-	-	27	25,26
Porto de Sada	16	21,91	12	68,65	18	565,19	-	-	-	-	46	655,75
Porto de Lorbé	5	4,97	11	77,40	3	41,10	-	-	-	-	19	123,47
Porto de Mera	4	6,17	5	34,36	4	81,35	-	-	-	-	13	121,88
Porto de Santa Cruz	-	-	1	6,30	-	-	-	-	-	-	1	6,30
Porto de A Coruña	89	83,86	27	177,78	10	717,93	34	8.129,54	9	7.465,89	169	16.575,00
Porto de Caíón	8	6,33	8	44,50	2	43,13	-	-	-	-	18	93,96
Porto de Suevos	8	6,65	-	-	-	-	-	-	-	-	8	6,65
Costa Noroeste	427	503,91	207	1.372,80	97	3.183,01	3	512,65	5	5.609,72	739	11.182,09
Porto de Malpica	54	66,39	46	327,29	28	726,42	-	-	5	5.609,72	133	6.729,82
Porto de Corme	19	20,39	5	38,46	5	110,23	1	165,45	-	-	30	334,53
Porto de Laxe	19	27,11	27	173,61	14	414,89	-	-	-	-	60	615,61
Porto de Camelle	70	75,29	8	61,65	2	73,86	-	-	-	-	80	210,80
Porto de Arou	3	2,71	-	-	-	-	-	-	-	-	3	2,71
Porto de Camariñas	113	125,95	20	106,41	13	434,83	-	-	-	-	146	667,19
Porto de Muxía	49	51,49	7	61,98	18	1.024,00	1	160,90	-	-	75	1.298,37
Porto de Fisterra	38	53,30	56	377,59	14	337,33	-	-	-	-	108	768,22
Porto de Corcubión	26	33,28	15	96,16	3	61,45	1	186,30	-	-	45	379,19
Porto do Pindo Carnota	8	9,40	7	31,08	-	-	-	-	-	-	15	40,48
Porto de Lira-Carnota	28	38,60	16	96,57	-	-	-	-	-	-	44	135,17
Ría de Muros-Noia	737	905,25	150	821,10	41	2.528,40	1	153,47	-	-	929	4.408,22
Porto de Muros	107	140,94	35	192,99	16	1.613,95	1	153,47	-	-	159	2.101,35
Porto de Freixo	6	8,16	-	-	-	-	-	-	-	-	6	8,16
Porto de Noia	505	619,40	71	335,26	-	-	-	-	-	-	576	954,66
Porto de Portosín	57	65,85	16	103,47	22	855,05	-	-	-	-	95	1.024,37
Porto de Porto do Son	47	54,53	26	176,38	3	59,40	-	-	-	-	76	290,31
Porto de Corrubedo	15	16,37	2	13,00	-	-	-	-	-	-	17	29,37
Ría de Arousa	2.379	2.730,74	424	2.572,59	187	10.829,43	19	3.709,94	1	2.305,72	3.010	22.148,42
Porto de Aguiño	135	143,77	11	58,00	18	637,30	-	-	-	-	164	839,07
Porto de Ribeira	277	318,17	39	256,60	87	8.451,76	19	3.709,94	-	-	422	12.736,47
Porto de Palmeira	29	28,81	-	-	-	-	-	-	-	-	29	28,81
Porto da Pobra do Caram.	158	166,70	13	95,55	1	17,19	-	-	-	-	172	279,44
Porto de Cabo de Cruz	183	187,52	15	113,31	8	131,33	-	-	-	-	206	432,16
Porto de Rianxo	425	470,48	108	507,29	16	259,52	-	-	1	2.305,72	550	3.543,01
Porto de Carril	78	92,67	13	62,11	-	-	-	-	-	-	91	154,78
Porto de Vilagarcía	-	1	3,08	-	-	-	-	-	-	-	1	3,08
Porto de Vilaxoán	16	19,57	20	123,27	2	32,99	-	-	-	-	38	175,83
Porto de Deiro	2	2,35	-	-	-	-	-	-	-	-	2	2,35
Porto de Vilanova	155	179,18	19	119,08	9	151,21	-	-	-	-	183	449,47
Porto da Illa de Arousa	462	532,25	29	160,57	5	135,92	-	-	-	-	496	828,74
Porto de Cambados	259	353,60	111	769,53	25	656,38	-	-	-	-	395	1.779,51
Porto de O Grove	200	235,67	45	304,20	16	355,83	-	-	-	-	261	895,70
Ría de Pontevedra	422	513,13	171	941,78	47	4.070,16	30	7.196,75	8	6.163,63	678	18.885,45
Porto de Portonovo	24	33,75	31	170,49	15	508,99	-	-	-	-	70	713,23
Porto de Sanxenxo	24	32,30	7	24,72	-	-	-	-	-	-	31	57,02
Porto de Raxo	25	29,25	4	16,12	2	87,09	-	-	-	-	31	132,46
Porto de Covelio	1	1,15	-	-	-	-	-	-	-	-	1	1,15
Porto de Combarro	41	46,42	12	48,55	-	-	-	-	-	-	53	94,97
Porto de Campelo	58	65,46	2	6,20	-	-	-	-	-	-	60	71,66
Porto de Lourido	52	60,54	-	-	-	-	-	-	-	-	52	60,54
Porto de Pontevedra	10	12,50	1	2,93	-	-	-	-	-	-	11	15,43
Porto de Marín	47	56,29	8	33,84	25	3.386,81	29	7.002,37	8	6.163,63	117	16.642,94
Porto de Bueu	86	112,05	96	595,16	5	87,27	1	194,38	-	-	188	988,86
Porto de Aldán - Hío	54	63,42	10	43,77	-	-	-	-	-	-	64	107,19
Ría de Vigo	899	1.125,23	232	1.283,44	140	10.223,12	120	30.348,12	61	61.375,12	1.452	104.355,03
Porto de Cangas	129	178,40	65	381,46	5	187,28	1	186,81	-	-	200	933,95
Porto de Moaña	174	201,39	52	299,21	1	13,80	1	414,96	3	1.797,10	231	2.726,46
Porto de Meira	-	-	-	-	1	18,68	-	-	-	-	1	18,68
Porto de Vilaboa	42	43,66	-	-	-	-	-	-	-	-	42	43,66
Porto de Arcade	92	101,24	4	13,73	-	-	-	-	-	-	96	114,97
Porto de Redondela	172	190,70	28	160,68	13	250,63	-	-	-	-	213	602,01
Porto de Vigo (Canido)	9	11,67	7	34,37	-	-	-	-	-	-	16	46,04
Porto de Vigo	31	34,88	17	98,34	35	3.199,16	114	29.035,98	58	59.578,02	255	91.946,38
Porto de Panxón	6	7,89	-	-	-	-	-	-	-	-	6	7,89
Porto de Baiona	111	170,34	42	181,35	4	232,92	-	-	-	-	157	584,61
Porto de A Guarda	107	149,32	17	114,30	81	6.320,65	4	710,37	-	-	209	7.294,64
Porto de Tui	26	35,74	-	-	-	-	-	-	-	-	26	35,74
Total	5.216	6.211,36	1.471	8.666,56	708	42.701,56	275	63.451,05	84	82.920,08	7.754	203.950,61

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, *Registre de Buques de Galicia/ Censo de buques operativos do caladoiro nacional*

En función do número de buques rexistrados e operativos destaca a ría de Arousa con 3.010 buques, que representan o 38,8% do total de buques operativos en Galicia, seguida da ría de Vigo con 1.452 buques operativos, o 18,7% do total de Galicia.

Respecto do tamaño do buque, o maior número de buques pertencentes á flota artesanal menor, á flota artesanal maior e á flota litoral están rexistrados na zona ecoxeográfica da ría de Arousa, con 2.379, 424 e 187 buques respectivamente, que en termos porcentuais sobre o total de Galicia representan o 45,6%, 28,8% e o 26,4%.

O maior número de buques arrastreiros e de grandes conxeladores está rexistrado na ría de Vigo con 120 e 61 unidades respectivamente, representando o 43,6% do total da flota arrastreira galega e o 72,6% do conxunto da flota de grandes conxeladores.

Finalmente destacar que no que respecta á tonelaxe de rexistro bruto, o 51,1% das 203.950 TRB da flota galega operativa corresponden a buques rexistrados na zona ecoxeográfica da ría de Vigo.

A última das distribucións da flota analizada é a que encadra as embarcacións en función do seu **porto base, cadro 2.3.**

Os portos cun maior número de embarcacións rexistradas e operativas son os de Noia, Rianxo e a Illa de Arousa, con 576, 550 e 496 embarcacións respectivamente, portos nos que máis do 75% das embarcacións integran a flota artesanal menor. En función da tonelaxe de rexistro bruto dos buques, destaca o porto de Vigo con 91.946 trb, das que o 64,7% corresponden a grandes conxeladores, o segundo porto en importancia en función da Trb é o porto de Marín con 16.642 trb e o de A Coruña con 16.575 trb.

Estructura organizativa

Dentro deste apartado trátase de analiza-la estructura organizativa do sector pesqueiro en Galicia, estudiando o número das confrarías, das

organizacións de productores e das cooperativas do sector pesqueiro e as características das sociedades mixtas. Non se proporcionan datos das asociacións de productores por non existir rexistro ningún ou censo das asociacións relacionadas co sector pesqueiro.

O número de **confrarías** de pescadores de Galicia ascende a 63, organizadas en tres federacións provinciais. Trinta e cinco das confrarías corresponden á provincia de A Coruña, 7 á de Lugo e as 21 restantes, á de Pontevedra.

O número de **organizacións de productores pesqueiros** (OPP) en Galicia con ámbito de actuación provincial ou autonómico son na actuallidade as seguintes:

- O.PP. de pesca fresca do porto de Vigo, con 68 afiliados.
- O.PP. da provincia de Lugo, con 120 afiliados.
- O.PP. de pesca fresca do porto e ría de Marín, con 43 afiliados.
- O.PP. de pesca fresca do porto de A Coruña, con 12 afiliados.
- O.PP. da flota de palangre e cerco "á parte" da provincia de Pontevedra.
- O.PP. de marisco e cultivos mariños da provincia de Pontevedra, con 39 afiliados.
- O.PP. pesca Galicia, con 25 afiliados.
- OO.PP de marisco e cultivos mariños da provincia de A Coruña.

Independentemente das organizacións de productores sinaladas, existen outras 6 de ámbito nacional, con sede social en Galicia.

No que respecta ás **cooperativas**, o criterio utilizado para defini-las cooperativas que pertençen ó sector pesqueiro foi o de considerar englobadas nel a aquellas que declararon unha actividade económica clasificada no grupo 05 CNAE.

Tendo en conta o sinalado anteriormente, existen 228 cooperativas no sector pesqueiro, das que 100 están na provincia de A Coruña, 90 na provincia de Pontevedra e as 38 restantes, na provincia de Lugo.

A **sociedade mixta** é unha figura xurídica constituída por armadores da Unión Europea e un ou varios socios dun terceiro país, destinada a explota-los recursos pesqueiros situados nas augas pertencentes á soberanía ou á xurisdicción de dito terceiro país. A sociedade mixta é, polo tanto, unha sociedade estranxeira na que participan un ou varios socios europeos.

A constitución dunha sociedade mixta está acompañada do traspaso definitivo dos buques a un terceiro país, asímesmo dótase dunha axuda financeira que podería consistir en :

- unha subvención de capital concedida nun ou varios pagos, e/ou
- unha bonificación de intereses sobre os préstamos concedidos por institucións financeiras nacionais ou internacionais, e/ou
- unha axuda en capital para o desenvolvemento de fondos de garantía dos empréstitos contratados para a realización da sociedade mixta.

Existe outro proceso de constitución de sociedades mixtas: o das empresas constituídas ó amparo de acordos de segunda xeración, dos que só existe na actualidade o rubricado con Arxentina para a constitución de sociedades mixtas e asociacións temporais de empresas entre armadores europeos e arxentinos.

A importancia das sociedades mixtas españolas no sector pesqueiro, tanto europeo como de terceiros países, queda reflectida nos seguintes datos:

- estas sociedades operan en 26 países de destino.
- o número de buques pode supera-los 270.
- estas firmas incorporan un volume de emprego de aproximadamente 7.900 traballadores. Case un 40% destes empregos son comunitarios.

As sociedades mixtas contribúen á sostenibilidade da pesca en augas comunitarias, exportando unidades de pesca que atopan posibilidades nos recursos excedentarios de países terceiros.

Dos 26 países nos que operan, os principais destinos das sociedades mixtas son Argentina, illas Malvinas, Chile e Namibia. A lista de países de destino complétase con Senegal, Marrocos, Angola, Mauritania, illa de Santa Helena, República do Congo, Perú, Gabón, Costa de Marfil, Guineia, Brasil, Uruguai, México, Guiné-Bissau, Mozambique, Venezuela, Ecuador, Panamá, Antillas Holandesas e Suráfrica. ■